

## PRESENTACIÓN DE RUTAS AGROALIMENTARIAS DE GALICIA AS AUTORIDADES LOCAIS EN VERÍN

O día 30 de xuño os alcaldes dos concellos situados nunha das zonas piloto de actuación nas que se porá en marcha o proxecto Rutas Agroalimentarias de Galicia xuntáronse no Concello de Verín, onde foron informados dos obxectivos, metas e plano de traballo do proxecto Rutas Agroalimentarias de Galicia, cofinanciado polo Programa Operativo de Cooperación Transnacional Espazo- Atlántico no marco de actuación do proxecto Cantata 2. Este proxecto ten como obxectivo principal a creación dun instrumento estable de cooperación público-privado para promover e desenvolver de xeito integral os recursos agroalimentarios, turísticos e patrimoniais dos territorios ou nodos piloto de actuación.

O Secretario Xeral de Agader comentou as principais actividades que terán lugar no proxecto e o nivel de execución das mesmas. Ademais explicou a importancia que teñen as institucións na configuración, artellamento e mantemento das rutas agroalimentarias, pola súa parte os asistentes mostraron gran interese no proxecto e na cooperación entre institucións públicas e público – privada.

